



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de setembro de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta de agosto de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/19.11/16.-

*Visto o escrito presentado por **Don Roman Blanco Reinoso**, onde solicita Licenza de Obras para realización de obras varias (reforma de cuberta e substitución de carpintería e restauración de retablo) na Capela sita na denominada Granxa de Outeiro, sito en Francelos segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polos arquitectos Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muiños.*

Consta proxecto básico e de execución e anexos redactado polos arquitectos Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muiños.

Consta informe da Arquitecto Municipal de data 24 de agosto e 1 de setembro de 2016.

Consta informe do Secretario municipal de data 6 de setembro de 2016.

Consta Acordo da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio Histórico Galego– Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia de 29 - abril - 2016.

Consta Resolución de 23 de agosto de 2016 adoptada pola Xefa Territorial da Cª de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Ourense relativa á “Intervención de Urgencia a nivel preventivo do Retablo da Capela de A Granxa”, no que autoriza a intervención de urgencia a nivel preventivo do retablo da capela de A Granxa do Outeiro,



sita no pazo de outeiro en Francelos, Ribadavia, Ourense, redactado pola empresa TAU Conservación e restauración de Bienes Culturales SL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza a Don Roman Blanco Reinoso, para a realización de obras varias (reforma de cuberta e substitución de carpintería e restauración de retablo) na Capela sita na denominada Granxa de Outeiro, sito en Francelos segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polos arquitectos Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muiños.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Obras varias (reforma de cuberta e substitución de carpintería e restauración de retablo).*

Contía na que se orzan as obras: *12.983,58 €correspondentes as obras na Capela e 500 euros correspondentes a restauración do retablo.*



Situación e emprazamento das obras: *Granxa de Outeiro, Francelos.*

Nome ou razón social do promotor: *Roman Blanco Reinosa.*

Director de Obra: *Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muiños.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder dun (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 03/06/2016 e 31/08/2016, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 337,57 euros e 42,00 euros respectivamente, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 12.983,58 € correspondentes as obras na Capela e 500 euros correspondentes a restauración do retablo 100,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa aboada.

OUTRAS CONDICIONS.-

- *As obras executaranse segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polos arquitectos Don Juan José Otero Vázquez e Dona Cecilia López Muiños.*

- *Deberá axustarse o Acordo da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio Histórico Galego– Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria – Xunta de Galicia de 29 - abril - 2016 e a Resolución de 23 de agosto de 2016 adoptada pola Xefa Territorial da Cª de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Ourense relativa á “Intervención de Urgencia a nivel preventivo do Retablo da Capela de A Granxa”, no que autoriza a intervención de urxencia a nivel preventivo do retablo da capela de A Granxa do Outeiro, sita no pazo de outeiro en Francelos, Ribadavia, Ourense, redactado pola empresa TAU Conservación e restauración de Bienes Culturales SL.*

- Deberá presentar designación de Dirección de Execución das obras e Coordinador de Seguridade e Saude.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORME DO ARTIGO 38 DA LEI 2/2016 DE 10 DE FEBREIRO.-

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da arquitecto municipal de data 26 de xullo de 2016, informa favorablemente o expediente de referencia (RIB/C/05.1/16) a nome de Casal de Arman S.L., para a legalización de edificación destinada a Adega nun inmovible sito no Cotiño, Santo André (con referencia catastral núm. 32070A2301558000UQ), ordenando a súa remisión ao servizo Provincial de Urbanismo téndose observado o preceptivo trámite que determina o artigo 38 da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, declarando compatible as actuación a realizar co artigo 35 e ss. da citada norma.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Luisa López Fernández**, con domicilio na Praza Maior nº 2, 2º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente



acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 31-08-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Justo Fernández Martínez**, con domicilio na rúa Carlos Casares nº 16, 3ºA, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 24-08-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Dirección da Garda Civil, remisión de Anexo I de Norma técnica de funcionamento 24/2016, sobre cesión de datos policiales os organismos de protección de menores de titularidade pública.

- De Miguel A. Chao Ornedo, remitindo informe relativo a facturación de subministros con gas natural SUR e Gas Natural Servicios SDG, unha vez realizadas as modificacións técnicas.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando Resolución de expediente de autorización de vertido de augas residuais de EDAR de San Paio-Val de Pereira, conforme o Regulamento de Dominio Público Hidráulico.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución de data 31.08.2016, relativo o expediente de autorización de mellora do ponte de Francelos no río Brull e do camiño Pendurado en San Paio, zona de policía do río Miño, embalse de Castrelo, no término municipal de Ribadavia.



- De Aqualia, remitindo Protocolo de autocontrol de abastecemento do Concello de Ribadavia.

- De augas de Galicia, remitindo informe sobre a Edar de Francelos, relativo marzo-xullo 2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 5 de agosto de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se convocan no ámbito da colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016.”

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Escola Kickboxing Ribadavia, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e Club Escola de Balonman Ribadavia, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

ANULACION DE CONVENIO.-

Con data 30.08.2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, prestou aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o club deportivo Aurum para a organización da carreira pedestre popular 2016.

Debido a diversas cuestións administrativas a entidade Aurum faiselle imposible a organización de dito evento, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar sen efecto a aprobación do referido convenio.

Que se notifique o presente acordo ao interesado e os servicios de intervención e tesourería municipal.

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a entidade Sublime Deporte e Cultura S.L.U., para a organización da 4ª edición da carreira pedestre popular 2016.

CERTIFICACIÓN Nº 1 LIQUIDACION DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONS AGRARIAS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-



Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 Liquidación da obra denominada “Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Salvador Añel Prada, executado pola empresa Aopil S.L., por un importe total de 50.596,15 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 Liquidación, anteriormente indicada por importe de 50.596,15 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Aopil S.L. co nº 608000029, de data 31.08.2016, pola mesma cantidade.

TOMA DE COÑECEMENTO DE CONVENIO

Os membros da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento da actividade denominada "Ribeirolandia" no Concello de Ribadavia durante as Festas do Portal 2016, asinado pola Alcaldía con data 7 de setembro de 2016.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia